

A psicofónica de Conxo

“Psicópolis” 17 de xullo no *Vademecum*

No nº19 desta revista comentámo-la posta en escena dun libro de poesía. Empeñámonos desde *Lingua Viva* en informarvos de todo tipo de espectáculos galegos pensados con criterio e imaxinación, que escapan do puro mimetismo, da repetición de esquemas que, por manidos, aburren, Bdesde a nosa visión, claro. Neste número comentámo-los un novo espectáculo, vai coa nosa máis fervente recomendación, gardádeo na memoria ata cando teñades ocasión escoitalos ou de velos en directo. (Que non hai innovación en Galicia?) Quen o dixo?

A *Psicofónica de Conxo* está presentando o seu espectáculo inaugural *APsicópolis@*, e nel propoñénnos unha fantasía ben contemporánea: na época da realidade virtual e as autovías da información, o cerebro humano concíbese como a terminal dunha inmensa rede de comunicación, *APsicópolis@*, a cidade mental. Introdúcennos con este espectáculo nunha viaxe fantástica pola cidade das mil e unha ideas. Nela cada rúa é un novo estado de ánimo e cada recanto precipítanos en insólitas peripicias musicais, todo segundo as súas propias palabras.

A *Psicofónica de Conxo* está formada por músicos-intérpretes que lle dan forma á sinfonía inaudita de *APsicópolis@*, a través da guitarra, harmónica, vibrafonete, piano, teclados, programacións, sampling, instrumentos lúdicos, batería, octapad, percusión, voz, son, luz, vídeo, montaxe e o saber facer. Todo isto conforma a *Psicofónica* e “*Psicópolis*”.

É certo que estamos ben afeitos a incluír todo aquilo que vemos, oímos ou lemos, baixo algunha das etiquetas recoñecibles, mesmo parece que os nosos actos deben responder a calquera dos comportamentos identificables e explicables para tranquilidade nosa e de quen nos rodea, estraga-la orde é algo molesto e mesmo ordinario. Ben pois definir á *Psicofónica* non é, por sorte, doado.

Como eles din “ser *Psicofónico*” vén de atrás, non consiste en nada, pero implica unha actitude ante a música e ante o espectáculo que eles foron xerando durante algúns anos nos seus diferentes traballos individuais e en conxunto, e que finalmente, durante a súa estancia en Lisboa, no verán do 98, confluíron en *Psicópolis*.

Non é rock, nin comedia, nin cabaret, nin ópera, pero utiliza técnicas comúns a todos estes xéneros para crear unha forma de expresión musical innovadora e desenfadada, onde a clave é a comunicación co público. A *Psicofónica* non é un grupo de teatro - aínda que algúns deles colaboraron con diferentes grupos de Galicia e Portugal-, neste espectáculo os *psicofónicos* implícanse sen prexuízos e crean un universo propio presentado a través dunha montaxe multimedia en que a música e a propia presenza do grupo compoñen a escenografía.

Trátase de observa-la realidade, os comportamentos humanos e os nosos feitos cotiáns, perneiralo todo baixo o prisma *psicofónico*, poñerlle música, e o resultado é *Psicópolis*. Quizais se poida resumir nunha súa frase “*hai que ver as cousas como son*”.

Desde estas páxinas agradecemos que música e espectáculo así se faga en Galicia e desexámo-los á *Psicofónica* e ós *psicofónicos* que compartan con nós unha longa vida de alucinacións, que nos permitan con eles *ser tan felices que as mapoulas holandesas nos parezan framboesas...*

Aquí tedes unha mostra do humor - ás veces negro- das súas letras, o resto tedes que imaxinalo ata que os coñezades - imprescindibles para facermos unha cura mental ou un estrago definitivo. Coidado, agora que estamos en período electoral, non nos pase como ó protagonista deste tema.

FAROLA

Vou pola cidade conducindo a furgalla. Vou a modo camiño da casa. Vou seguindo o ritmo do meu limpaparabrisas. Chove, chove sobre mollado. Xente, paraugas, o mesmo de sempre, pero teño a sensación de que hai algo diferente na paisaxe, hai algo, claro, son as bandeirolas, penduradas das farolas coa cara do pirolas da televisión.

Farolas, político colgando

Farolas, político colgando

...

Que asco, estou nun atasco rodeado de caretas cun motacho que nin Dios que me vixilan.

Son cFAROLA como unha peste, entran na furgalla polo retrovisor, e chove, chove e isto non se move; debe ser por culpa dun remolque que vén dando propaganda, o que faltaba, merda. É a propaganda do pirolas das farolas...

Despois dunha hora cun tremendo cabreo, chego á miña casa para facer o papeo. Miro no buzón, non sabedes o que atopo, a foto dedicada do mesmo ¿¿camouco???. Cansado é pouco, estou desesperado, teño que librar-me deste tipo pesado. Entro na cociña pero xa non teño fame. Collo o xornal, intento relaxarme. En primeira plana sae a foto dese infame. Estou paralizado, ando pola casa totalmente apirolado. Sento enfronte da televisión, non a acendo, teño medo de tocarlle ó botón e que apareza ese bigote, ese bigote...

Farolas, político colgando

Farolas, político colgando.

Moita cara de cu.

...

Pecho as contras e fiestras, métome na cama, intento durmir a ver se me pasa. Miro se hai bigotes debaixo da almofada. Podo estar tranquilo, aquí non hai nada. Vou quedando porque comezo a soñar un terrible pesadelo que me fai arrepiar: estou ante un espello cun estraño ????????, debaixo do nariz un tremendo bigote. Chega unha azafata cunha folla de afeitar, achégaseme á orela e comeza a susurrar “unha toallina refrescante, unha toallina refrescante”.

Que bonito panorama vexo desde o sanatorio, milleiros de bandeiriñas penduradas das farolas...

Farolas, político colgando

Farolas, político colgando

toponimia de novo

A Academia Española da Lingua acaba de aprobar uha nova edición da Ortografía, consensuada coas academias americanas e filipina da lingua española para todo o ámbito hispánico. Segundo a prensa a nova ortografía foi xulgada por todos como unha consecuencia do esforzo por favorecer-la unidade idiomática nun texto consensuado polas 22 academias da lingua española de Hispanoamérica e Filipina.

A aprobación desta Ortografía trouxo polémica e sobre ela imos reflexionar desde estas páxinas. Comezamos explicándovos en qué consistiu esta polémica e despois, vós xulgades.

Diferentes medios de comunicación difundiron que a nova Ortografía establecía a prioridade do nome castelán das cidades que teñen denominación oficial propia, e citáronse exemplos como Ourense, Lleida e, cómo non A Coruña (nós optamos polas denominacións oficiais).

Ben, tras tanto tempo de esforzo levado a cabo para acadar-la oficialidade da nosa toponimia (o mesmo para as das outras comunidades) e tralo último éxito de, por exemplo, conseguilo OU para as matrículas ourensás -agora xa hai ben moitas e ben que locen- a **polémica da toponimia emerge de novo** cal Guadiana. Pero é que nós, as e os galegos, e imaxino que non serémo-los únicos, estamos xa un pouco aborrecidos de tanta "parvada", non se me ocorre outra palabra mellor. Fartos de escoitar cómo, entre outros, moitos e moitas representantes do Goberno incumpren a normativa oficial ó non empregaren en medios públicos os topónimos oficiais e poñendo en práctica aquilo de "predícame Pedro, predícame Xan..."

Axiña a Academia publicou unha nota para desmentir esa noticia e negou que a Ortografía lle dese prioridade á forma castelá dos topónimos argumentando que ademais esta non é unha cuestión ortográfica. O director da Academia matizou que unha cousa era o nome oficial das cidades das diferentes comunidades e outra o nome en castelán, e que a misión da Academia era a de determina-los nomes casteláns das cidades, ¿tema acabado e solucionado?

Independentemente deste desmentido, fronte á lóxica irritación mostrada por diversos grupos das distintas comunidades, a satisfacción de moitas persoas fíxose obvia, por fin alguén "inteli-xente e sensato" lles daba a razón na súa teimosía, razón ademais avalada polos anos de experiencia e a dignidade que implica unha institución como a Academia da Lingua. Dende aquí non imos entrar nese xogo.

Pero si que podemos analizar cómo esta polémica foi ben difundida e utilizada para facer emerxer vellos tópicos. Algúns medios de comunicación, baixo a desculpa de manter informada á audiencia converteron a polémica real en carnaza para a xente e aproveitaron unha noticia concreta, manipulándoa ó gusto, non para informar, senón para confundir, mesturando os dereitos lingüísticos de cada comunidade con outros conceptos políticos para, a continuación, utiliza-los seus propios argumentos (case sempre cheos de prexuízos) para facer propaganda puco democrática e nada respectuosa, desde o punto de vista lingüístico, coa lingua das diferentes comunidades.

Ben, desde aquí podemos lembrar que hai unha realidade plurilingüe no Estado español e que cómpre respectala porque é

oficial. Tamén podemos **reflexionar sobre a pobreza de argumentos utilizados por eses medios**, algúns de moito prestixio, que chegaron a xustifica-la prioridade dos topónimos en castelán -aínda que despois cada persoa o diga na súa lingua cando estea cos seus veciños (nós tivemos ocasión de constatar cómo lle afecta esta actitude a unha lingua)- basicamente con estes dous argumentos:

a) Como algo beneficioso para o turismo.

b) Porque a prioridade da forma oficial dos topónimos sobre a súa forma castelá é síntoma de mentalidade "pueblerina", feito que explica, ademais, a necesidade dos habitantes das comunidades de sentirse superiores.

¿Superiores a quen? ¿Canto tempo había que non escoitábalo-la indentificación da cultura propia dunha comunidade co concepto de "pueblerino"?

En canto ó turismo ¿por que atrae máis ós turistas ler no mapa a forma castelá cá propia? ¿Porque non recoñece os nomes? O nome que unha persoa de fóra vai identificar será o que desde sempre vexa escrito nos mapas ou nos libros, o que apareza no mapa do tempo, na televisión... Se desde sempre ve os mesmos nomes, os oficiais, se sempre escoita chamar do mesmo xeito a un lugar, de seguro que o recoñecerá. ¿Ademais, unha persoa californiana recoñece mellor "Orense" ca "Ourense", Arosa ca Arousa ou Lérida ca LLeida?

Son argumentos que non necesitan explicación porque caen de seu a pouco que se reflexione sobre eles. O malo é que esta propaganda entra na cabeza de moita xente que non coñece a realidade das diferentes comunidades ou que non ten reflexionado sobre ela e, a miúdo inconscientemente, instálase aí e **volta de novo ós vellos prexuízos...** ¿Será que despois de todo o esforzo empregado volveremos ás traducións como "Rianjo", "Corujo" ou "Niño de la Guía" por Rianxo, Coruxo ou Niño da Aguia, e outras barbaridades semellantes?

Cambiando de torna, aínda se pode aproveita-lo tema da aprobación da nova Ortografía do castelán para invalidar unha vez máis argumentos baseados na dificultade de falar galego e mesmo de aprendelo debido ós seus continuos cambios, novos dicionarios, etc., "*é que o galego sempre está cambiando, hoxe é así, mañá xa é doutro xeito, e a min fáiseme imposible...*", argumentos xustificativos que, cando menos, indican a pasividade de moitas persoas e que xa van quedando vellos. A nova Ortografía castelá indícalle a quen así pensa que **tódalas linguas evolucionan**, que non están mortas, nin estancadas, que os cambios obedecen á evolución necesaria das linguas, en canto que estas son patrimonio de diferentes grupos humanos que se van sucedendo, e os novos dicionarios ou as novas normas non son máis ca un intento de reflectir e fixar estes cambios normais que se van producindo no tempo. O que ocorre é que estes cambios non son conscientes nos falantes porque se suceden moi lentamente nunha lingua normalizada. Fronte a isto, nunha lingua como o galego, que nuns poucos anos se normativizou e que aínda está en proceso de normalización, esa evolución normal séntese conscientemente nos falantes.

Percorrendo Vigo

É este o nome dun xogo, semellante ó Trivial, que nos últimos días do mes de maio presentou a Concellería de Educación. Está dirixido ó alumnado da ESO, pero que cremos que a calquera persoa que queira coñecer-xogando algo máis da nosa cidade, da súa historia, persoeiros, momumentos... ha de lle apetecer coñecer e xogar.

Como taboleiro presenta o plano do termo municipal, así case que podemos localizar

"in situ" parques, instalacións deportivas, centros sanitarios, cruceiros, muíños, hórreos, petos das ánimas, petrogrifos...

Gracias ó xogo recuperamos topónimos de vello, por exemplo das antigas praias ou areais. Saberemos de moitas particularidades das parroquias viguesas, do porqué-mesmo-da súa denominación, os seus lindeiros; non nos será descoñecido o seu patrimonio histórico, a súa historia...

Non faltan persoeiros como Cachamuíña, Méndez Núñez, Jenaro de la Fuente, Eduardo Chao... dos que poderemos saber algo máis da súa vida e obra, e descontado, da súa achega a construír esta nosa cidade.

Unhas cantas preguntas:

Alcabre é a parroquia das praias, aínda que algunhas están ó bordo da desaparición; as primeiras son A Fontoura e O Carril, contiguas a Bouzas, que perigan polo seu recheo. Seguidamente, atopámonos con Sta. Baía, **O Cocho** ou tamén Matadoiro; Mouriscas, **Fontes** ou Os Olmos. Continuamos coa popularmente coñecida como A Fonte, chamada **Pincho** ou **Tombo do Gato**. Por último Espedrigada e Cocho das Dornas, para rematar no Laxón.

¿Sabes con que praia identifican esta parte da praia?

O pazo. Típica construción galega; é unha consecuencia da renovación na construción dende comezos do s. XVI. Ó desaparece-lo clima bélico e as edificacións para a defensa, ábrese paso unha vida máis cortesá e urbana da nobreza. Os pazos do noso concello son: pazo de Rivera, pazo da Pastora, pazo da Raposeira, pazo de Moláns, pazo de Castrelos, pazo de Miraflores, pazo de S. Roque. Só un dos nomeados non existe na actualidade.

¿Cal é?

Irmandiños. Foi un movemento popular dos vilegos galegos contra a nobreza no s. XV. Houbo dúas revoltas e as súas acabaron vencidas e traizoadas, non sen antes te-la súa época de esplendor e goberno.

A ida de Henrique IV para Andalucía e a fin das irmandades de Castela debilitaron os nosos irmandiños que foron derrotados polos nobres que volveron ás súas terras.

¿En que ano remataron as revoltas dos irmandiños?: 1456, 1512, 1423, 1469.

O arcebispo de Santiago de Compostela, ¿estaba a favor deles?.

¿Que tiñan en común Pedro Álvarez e Pedro Madruga?

Así, xogando, percorrere-mos-la nosa historia particular e a galega, dende tempos ben idos ata os máis recentes .

Ogallá que en cada casa houbese un *Percorrendo Vigo*. Cando menos sabemos que si o hai nos colexios de Vigo, e que mesmo se realizou un concurso entre estes. Vigo saíu gañador.

Seguimos co xogo, pero nunha análise ben distinta. Botádelle unha ollada á crónica que saíu publicada no Faro de Vigo do día 20 de maio: "*Percorrendo Vigo*". Ata onde chegan os creadores da lingua, que inventan un suposto verbo PERCORRER, ¿ou será percurrir? (por eso da alternancia vocálica, casos temos: transcurrir, discurrir, incurrir...) no seu afán de "fóra o galego": traduzamos. Noutro existiu en Toledo unha Escola de Tradutores, agora na Universidade de Vigo témo-la facultade de Traducción e Interpretación... apuntemos unha posibilidade máis de prácticas de traducción: as realizadas pola maioría dos xornalistas que publican en boa parte dos xornais galegos . Pero iso si, estas teñen o seu aquela: son de sentido único (de galego para castelán), non é esta unha vía de dobre circulación.

Dabondo temos, nestas páxinas e noutras, *louvado* este labor. A de horas que se empregan, a de mentes que se dedican... a de meteduras de pata ás que se chega (recordade no pasado número que xa "ilustrabamos" cun exemplo ben notorio). Así aquelas declaracións de políticos, ensinantes, representantes do mundo da cultura...e pobo en xeral ven-

se por obra destes currantes verquidas a lingua cervantina, cando foron ditas na lingua de, por pór un persoeiro das nosas letras, Catelao.

¿Custaría tanto deixa-las cousas como cada quen as di?. Que son ditas en galego, poñámolas entre comas. Porque esa é outra. Cando aparecen unhas declaracións dun galego falante entre comas, pero xa pasadas ó castelán, certamente esas non son as súas palabras orixinais, tal e como nos queren dar a entender, xa que están pasadas pola peneira da ou do xornalista que está a redactar.

Se temos presentes os datos do estudio sociolingüístico de Vigo recentemente publicado, veremos como a inmensa maioría das e dos vigueses non teñen problemas á hora de entende-lo galego. Daquela ¿por que complica-las cousas?. E levando a auga ó rego. "*Percorrendo Vigo*". Imos ó diccionario da Real Academia Española na procura deste suposto verbo "percorrer": *percocero, percocho, percollar, percontear, perconteo, percuciente*... ¡Para que xa te pasaches!. Daquela botémoslle unha "visual" a "correr", non vaia se-lo conto que apareceza, baixo os posibles compostos, un "percorrer" en español. Nada. Imos a "per-", e dinnos: "preposición inseparable que aumenta a significación das voces ás que estea unida; ex. *perdurable*. No composto *perjurar* denota falsidade e infracción.

Conclusión: só os topamos por separado, "per-" e "correr". Paso seguinte. Unamos significados; por unha banda *correr*: "ir de présa. Facer algunha cousa con rapidez" e pola outra os de "per-". Resultado da operación: "ir de présa de présa, moi de présa..." "face-las cousas ben de présa..."

Xa está: o que queren dici-los do Faro é que temos que ir "de présa, de présa" por Vigo, entre as gabias e os socalcos, por rúas cortadas e por direccións prohibidas.. ¿Será, daquela, unha mensaxe subliminar que nos queren facer chegar?. Será que agora como temos auto-vías, enlaces, nós, autoestradas con e sen peaxe, inauguracións por doquier... cómpre percorrer/percurrir por Vigo adiante...

Estas sonche as cousas da traducción traidora que dicía aqueloutro e que sempre estamos a recordar.

X. L. MÉNDEZ FERRÍN

honoris causa

*Xosé Luís Méndez Ferrín, o político, o filólogo e o profesor, o poeta ourensán, o narrador, o articulista, o ensaísta, o conferenciante e o crítico literario. É membro do grupo literario Brais Pinto, mantén o seu contacto directo co lector dúas veces á semana no Faro de Vigo e é director da revista de pensamento crítico **A Trabe de Ouro**, desde a súa creación, en 1990, e membro do grupo literario nacionalista Brais Pinto.*

*Este podería ser un currículo abreviado de Ferrín, Heriberto Bens nos anos 60 e 70, hoxe doutor **honoris causa** pola Universidade de Vigo e seleccionado pola Asociación de Escritores en Lingua Galega (AELG), a petición da Academia Sueca como candidato da literatura galega ó premio Nobel. Pero ante todo Ferrín é a persoa totalmente comprometida con Galicia e o galego, o primeiro escritor autenticamente monolingüe e o grandioso coñecedor do galego.*

FERRÍN NA CULTURA GALEGA E DO MUNDO

Nunca un currículo, e menos abreviado, abondou para coñecer a ninguén. Premios e recoñecementos, críticas –tamén as hai– á persoa e a obra tanto poética, narrativa ou ensaísta dos seus corenta anos de traballo nas letras galegas. Tampouco abonda, pero si axuda, explicar que Ferrín conseguiu que en Galicia exista a dialéctica entre o singular e o universal. El representa hoxe o cumprimento dos que traballaron pola opción cultural de liberar Galicia, abrindo o mundo. Por iso a súa obra, escrita orixinalmente en galego, transmítelle o noso universo ó resto do mundo, moitas veces na súa propia lingua, xa que Ferrín está traducido ó alemán, asturiano, catalán, castelán, esloveno, francés, inglés, portugués, romanés, ruso ou vasco.

En Ferrín non hai contradicción entre a defensa da propia cultura e o seguimento das correntes que van debuxando a cultura contemporánea, e isto conségueno porque desde a existencia do respecto pola propia identidade traballa pola incorporación activa á cultura univesal. Cómpre coñecer a Ferrín para entender a nosa historia recente e para así afirmar a modernidade da súa escritura. Unha escritura que, como todas, implica un compromiso, o do escritor, e que non seu caso é un compromiso rupturista, iconoclasta, vangardista e provocador –compromiso reflectido tamén na súa vida como político, sindicalista e como galego-con Galicia e co proletariado mundial.

LINGUA E INNOVACIÓN NUN HOME POLIFACÉTICO

Cando se ofrece información sobre unha persoa polifacética como Ferrín, o espazo sempre traiciona, tamén a incapacidade de resumo de quen o intenta. Cómpre escoller, por iso, na vida e obra de Ferrín ata hoxe. Escollín a súa escritura e, nela, dous as-

pectos que a min me parecen fundamentais porque son os que, sobre todo, me producen pracer cando o leo e porque implican, penso, todo o que define a escritura de Ferrín e tamén á persoa: a súa innovación na escritura e a lingua utilizada.

Ferrín vencéllase sen prexuízos ós máis diversos xéneros literarios, o que evidencia a súa capacidade para facelo, pero tamén a súa mentalidade aberta ó fuxir do simple mimética do instituído, e polo tanto a súa intelixencia. A modernidade da súa actitude maniféstase na técnica utilizada, no tratamento dos temas e na lingua utilizada. Na súa obra Ferrín creou xa un universo propio, ben identificado por quen o segue e no que as e os galegos se identifican como tales, pero tamén os que non o son se recoñecen na interpretación que el fai do mundo.

Adóitase dicir que Ferrín é “difícil” de ler, que a súa lingua é “complicada”, que cómpre estar moi atento á lectura para seguila. Quizais por iso na xente nova, nos colexios, estíllase pouco a lectura de Ferrín (aí está para os novos ese marabilloso *Arnoia*, *Arnoia*, ¿existe un libro de aventuras máis fermoso? ¿existe un libro de léxico mellor para que os novos coñezan as nosas palabras). Quizais este sexa un home máis coñecido que verdadeiramente lido. Tal vez estas opinións respondan ó descoñecemento, pero tal vez estas teñan que ver coa comodidade lingüística dos falantes, que acabamos reducindo o noso vocabulario a certo número de palabras, aquelas que usamos a cotío. Non é este o caso de Ferrín, “forxador de palabras” na literatura galega. Nel danse dous factores como escritor posúe o xenio da lingua e como filólogo, os coñecementos lingüísticos e de gramática histórica sobre a propia lingua e sobre as linguas alleas. Estes dous aspectos unidos premítenlle liberdades, como a Castelao ou a Cunqueiro e outros poucos, posibilitánelle discriminar correctamente entre o enxebre e o mesturado, permítenlle crear unha lin-

gua tradicional e moderna –mestura que aplica tamén nos contidos. Por iso percibimos palabras e estruturas de gran sonoridade, vivas nas falas das súas terras de Celanova ou da raia con Portugal, ou a dos mariñeiros do Morrazo, xunto con outras que van quedando no noso corpus literario rexistradas na memoria a través das diferentes lecturas, os clásicos, Otero, Cabanillas, Manuel Antonio, voces trobadorescas que o delatan gran coñecedor do medievalismo... Mención especial merece o seu uso de formas portuguesas xa que Ferrín segue a tradición galeguista ó non renunciar á modernización do galego tendo en conta o portugués, a través do que, moitas veces introduce voces doutros idiomas como o francés. Como bo herdeiro da xeración Nós, a súa lingua reflicte, ademais da súa formación cultural e literaria castelá e portuguesa, pero tamén a francesa e a inglesa lle son familiares.

A curiosidade cultural de Ferrín consegue esa extraordinaria riqueza de léxico na que, lonxe de abafarse, o lector, a pouco que se interne na súa lingua, descobre un núcleo básico conformado por unha lingua común coa que calquera persoa galega se sente identificada e admirada, a partir de aí comeza a curiosidade do lector... e o pracer da lectura.

A OBRA DE X. L. MÉNDEZ FERRÍN

ENSAÍSTA

Preparou a edición crítica do *Cancioneiro de Pero Meogo* (1966)
De Pondal a Novoneyra (1984)

POETA

Voce na néboa (1957)
Antoloxía popular (1972)
Sirventés pola destrución de Occitania (1975)
Con pólvora e magnolias (1977)
Poesía enteira de Heriberto Bens (1980)
O fin dun canto (1982)
Erótica (1992)
Estirpe (1994)

NARRADOR

Percival e outras historias (1958)
O crepúsculo e as formigas (1961)
Arrabaldo do norte (1964)
Retorno a Tagen Ata (1971)
Antón e os inocentes (1976)
Crónica de nós (1980)
Amor de Artur (1982)
Arnoia, Arnoia (1985)
Contos (antoloxía, 1988)
Bretaña Esmeraldina (1987)
No ventre do silencio (1999)

NO VENTRE DO SILENCIO

Premio de narrativa galega e portuguesa Eixo Atlántico, 1998
Xerais, 1999

A última novela de Méndez Ferrín recupera a historia dunha xeración de universitarios composteláns, no remate dos anos 50. O centro da historia xira arredor das peripecias dos protagonistas e dos acontecementos ocorridos na Universidade compostelá durante os dous cursos académicos que coinciden co levantamento nacionalista de Hungría, en 1956.

Ferrín mostra nesta novela os diferentes estamentos sociais do momento, pero ademais relata a conformación dun novo pensamento nacionalista afastado da orientación que ata entón monopolizaba o galeguismo.

As extraordinarias descrições conseguen evocar singularmente o ambiente da época e mediante a creación de imaxes e o seu manexo de técnicas narrativas dálle vida a unha narración que reflicte un momento duro, que non é senón un pretexto para construír a súa ficción. Nela recoñecemos moitos dos personaxes de Ferrín: Narda, Míguez, Aberte Comesaña..., xunto con outras referencias á súa obra, particularmente a *Antón e os inocentes* (1996).

Ademais de gozar dunha linguaxe prodixiosa podemos, coa lectura desta novela ben agardada, pasear polas rúas de Santiago, saudar ás Mariás polo paseo, lembra-las aulas universitarias ou asistir as homenaxes literarias de Ferrín para moitos dos mestres que influíron en diferentes xeracións.

NARRATIVA

X. L. Méndez Ferrín

No ventre do silencio



EDUCACIÓN DE ADULTOS E LINGUA

O Decreto 88/1999, do 11 de marzo (DOG do 13 de abril), regula as ensinanzas para persoas adultas, desenvolvendo a L. 9/1992.

Unha das finalidades xerais básicas destas ensinanzas é a da "formación e actualización cultural, con especial incidencia no coñecemento do idioma e da cultura galegas" (art. 3.1.c.).

Dentro das ensinanzas non regradas prevense, na formación para a aprendizaxe de idiomas os "Cursos de iniciación e perfeccionamento de galego" (art. 5.2.1.a.)

As modalidades de educación para adultos son:

1. ENSINANZAS REGRADAS (para a obtención dun título)

- de ensino básico
- de graduado en educación secundaria
- de bacharelato
- de grao medio e superior

2. ENSINANZAS NON REGRADAS

- aprendizaxe de idiomas
- formación laboral
- preparación para acceso á universidade
- formación sociocultural

A. PRESENCIAL

B. SEMIPRESENCIAL

C. A DISTANCIA

Se cadra, hai que lembrar a importancia de contarmos cun sistema público de acceso a un coñecemento correcto do noso idioma propio, por dúas razóns:

- Temos ese dereito (a coñecido e usado) legalmente recoñecido.
- A maior parte da cidadanía, non tivo (tivemos) a posibilidade de aprender o noso idioma no sistema público de ensino obrigatorio (impuxéronnos outro, a nós si).

O PERSOAL DO CONCELLO DE VIGO

Segundo os datos do cadro de persoal para 1998 (último publicado no DOG do 4-3-98), o ¿cantos somos? Resúmese así:

a) FUNCIONARIOS DE CARREIRA

1. De habilitación nacional 4

2. Propios

ADMINISTRACIÓN XERAL

- técnicos 28+2*

- administrativos/as 86

- auxiliares 89

- subalternos/as 43

ADMINISTRACIÓN ESPECIAL

- técnicos/as superiores 31+16⁽⁺⁾

- técnicos/as medios 35+23⁽⁺⁾

- técnicos/as auxiliares:

Grupo C 21+5⁽⁺⁾

Grupo D 6+5⁽⁺⁾

- cometidos especiais

- músicos 13

- conserxes 19

- inspectores 9

- outros 3

- policía locais 353

- extinción de incendios 121

b) **LABORAIS FIXOS** 420

c) **EVENTUAIS** 9

CONCELLO TOTAL 1.344

ORGANISMOS AUTÓNOMOS:

IMD 46

ZOO 23

UP 24

XMU 2

TOTAL 1.438

(+) Inexplicablemente figuran como "cometidos especiais".

* Para extinguir.

O GALEGO NO "CONVENIO" DO CONCELLO

No DOG do 22 de abril de 1999 publícase o Acordo Regulador das condicións económicas e sociais dos funcionarios do Concello de Vigo, que ten unha vixencia de catro anos (1-1-1999 ó 1-1-2003).

Lemos de vagar o articulado na procura de referencias ó noso idioma, e isto é co que nos atopamos:

O "coñecemento do idioma galego" só figura como mérito no baremo dos concursos para a provisión de postos de traballo (art. 7.f.) e para a promoción interna (art. 8 d.).

A "discriminación por razón de lingua" inclúese entre as faltas disciplinarias moi graves (art. 26.2).

Nada se prevé nesta materia na regulación da formación profesional (art. 40 e ss); e polo que respecta a plans ou programas de normalización, promoción..., pois tampouco nada.

Por ningures vemos referencia ós dereitos lingüísticos das e dos traballadorese da cidadanía. Pero é que a situación da lingua de noso no convenio do Concello non é a excepción que confirma a regra. Xa nos gustaría. É, pola contra, un exemplo máis do común.

A LINGUA GALEGA NOS CONVENIOS

A revista "Tempo Sindical" recolle un artigo sobre este tema do responsable do Servizo de Normalización Lingüística da CIG. Imos tirar algúns datos e referencias deste percorrido pola análise da situación da lingua galega nos convenios colectivos.

No ano 1997 foron case douscentos os convenios colectivos asinados, só en nove deles había algunha referencia ó noso idioma; e deses nove só en catro aparecía recollida unha cláusula sobre os dereitos lingüísticos. Nos outros cinco, a referencia á lingua galega era relativa á publicación do convenio tanto en castelán como en galego.

¿Cales son eses catro convenios? Son os das empresas Eulen, S.A., Cerámica Sargadelos, S.L. Larsa, S.L. e Envases Metálicos de Vigo, S.A.L. Analizámolas polo miúdo.

Eulen, S.A. refrease, nunha disposición adicional, ó compromiso das partes ó uso do galego como lingua nas relacións laborais.

No convenio de Cerámicas de Sargadelos o tratamento é diferente. O artigo 14 está dedicado á normalización do idioma, para o que se adoptan medidas como as seguintes:

- Uso do galego como lingua cotiá nas relacións laborais.

- Dereito dos e das traballadoras ó uso do galego no seu quefacer diario.

- Compromiso polo fomento do seu uso por parte da dirección e mais dos representantes dos traballadores.

Larsa, S.A. inicia o seu convenio precisamente por unha cláusula onde se tratan os dereitos lingüísticos do persoal. Os termos nos que se manifesta son semellantes ó exposto anteriormente, pero recolle a maiores algo que consideremos interesante dabondo: o dereito dos e das traballadoras a recibir formación no noso idioma.

En parecidos termos aparece expresado o compromiso co idioma de noso na empresa Envases Metálicos de Vigo, se ben aparece recollido nunha disposición adicional.

Hai unha proposta de cláusula de dereitos lingüísticos e compromiso de traballo cara a acadala normalización lingüística que ogallá vaia callando e que sexa incluída nos convenios que se van asinando no país.

É, sinxelamente, termos presente a realidade lingüística galega e o compromiso que individual e colectivamente debemos asumir cara a acadala normalidade lingüística en Galicia.

OUTRAS

Hai pouco recollía a prensa un novo caso de atropelo lingüístico por parte da Administración.

"As contas anuais dunhas quince empresas de Barbanza correspondentes a 1997 aínda están sen depositar no Rexistro Mercantil da Coruña pola negativa da responsable da dita entidade de aceptalas en galego".

E estas son as verbas do responsable dunha destas empresas:

"Nunca presentarei os documentos en castelán; se queren que me pechen a empresa. Non entendo cómo a Xunta potencia o galego e despois non toma cartas no asunto".

E nós dicimos: se a oficialidade do galego é de obrigado cumprimento para a administración en Galicia (¿A Coruña segue a estar en Galicia?), ¿como se poden permitir situacións coma esta? ¿Cando se creará realmente na oficialidade do noso idioma, nos dereitos lingüísticos que temos, na normalización deste país?

E outra en breve. Presentan unha documentación para un concello da provincia de Ourense en castelán. Rexéitanlla e dinlle: en galego. Ben, semella que as cousas marchan.

A mesma persoa, que é ben aprendida, ten que lle presentar de novo unha documentación a outra corporación. Para evitar retrasos, atrasos, e "dobres-inútiles-versións"... redacta xa en galego. E vai o concello, neste caso da provincia de Pontevedra, e dinlle... EN CASTELÁN.

A LINGUAXE ADMINISTRATIVA

FRASEOLOXÍA

A fraseoloxía utilizada na redacción de documentos administrativos é unha das particularidades que lles dan a estes textos un carácter de seu, que nos permite falar de "linguaxe, redacción... administrativa".

De certo que temos comentado como podemos simplificar os nosos textos eliminando frases que non achegan información ningunha ás nosas comunicacións. Por exemplo: "Faise público para xeral coñecemento...", se é que publicamos un anuncio de corte de tráfico, de non recollida de lixo... ¿facémolo para só uns poucos ou para todas e tódolos cidadáns?.

Outro hábito presente nos textos administrativos é a utilización dun termo baldeiro de significado (verbos como facer, ser, realizar...) e a seguir un substantivo cheo de contido que é realmente o que lle dá "consistencia" a esa perífrase, que xa adiantamos que consideramos inútil.

Pode dicirnos alguén qué din, por exemplo construcións como, *realizada visita de inspección no local, facer público, facerlle a seguinte comunicación...* ¿Non poderíamos, no seu lugar, pór unhas expresións máis sinxelas e cotiás como: **inspeccionado o local, publicar, comunicarlle...**?

E que dicir daquelas nas que nos andamos con mil reviravoltas:

Tendo na súa presenza a: perante...

P, en calidade de secretario.: P, secretario
Amais de ser máis sinxelas aforran espacio. Apuntemos unhas cantas, e de ben seguro que teremos exemplos dabondo cada un e cada unha de nós:

Procédese á identificación de: identifícase

Proceder a enviar: enviar

Porase en contacto con: contactará con

Tomar parte: participar

Facer entrega: entregar

Dar traslado: trasladar

LIBROS

O GALEÓN DAS ILLAS CÍES

Joseo Lorman

Galaxia

É esta unha novela mariñeira que se desenvolve nunha contorna ben próxima a nós: a ría de Vigo. Nela participamos da viaxe dun grupo de arqueólogos e mergulladores que parten de Barcelona cara á nosa ría, e tamén participamos da súa misión: recuperar os tesouros do Santo Cristo de Maracaibo, un galeón español afundido por ingleses e holandeses en 1702. Axiña de partir comezan os problemas...

Con esta obra, orixinaria en catalán, *El galió de les illes Cíes*, o seu autor gañou en 1995 o Joaquim Ruyra.

A LUME MANSO

Xavier Castro

Galaxia, Vigo 1998

338 páx., 1990 ptas

Xavier Castro ten unha longa andaina no estudio da Historia Contemporánea de Galicia e *A lume manso* é un resultado dos seus últimos estudos da historia social da alimentación en Galicia.

Antropoloxía e socioloxía conflúen neste libro, coidadosamente elaborado: fontes orais, testemuños das xentes, que coñecen mellor que ninguén

LIBROS

as relacións sociais e os comportamentos vencellados coa alimentación, pero tamén información procedente do refraneiro popular, literatura costumista, receitas de cociña, xornais e documentación arquivística.

A protagonista é a sociedade galega nos séculos XIX e XX. Primeiro describe os hábitos alimenticios do noso pasado inmediato, tendo en conta os factores que poidan determinar os comportamentos dos comensais (tense en conta o medio rural ou urbano, tipo social, idade, sexo, mentalidade, crenzas relixiosas). O autor reproche deste xeito os modelos de comportamento correspondentes a cada situación particular, algúns difiren moito dos actuais pero moitos a penas sufriron alteracións. Fai despois unha serie de aproximacións máis concretas nesta mesma liña, por exemplo os banquetes "de vivos e mortos" a alimentación na mentalidade relixiosa, o consumo do chocolate...

A lume manso amósanos outros tempos, non moi atrás, nos que a cociña reflectía unha sociedade que vivía a un ritmo máis tranquilo, con moitos momentos para as longas conversas nas cociñas ou nos mazadoiros, unha convivencia máis estreita e máis tempo para gozar dese pracer que é a comida.

LIBROS

O VIXÍA NO CENTEO

J.D.Salinger

Colección Fóra de xogo. Xerais

Holden Caulfield, ó saber que vai ser expulsado do seu elitista colexio, decide marcharse antes e fuxir cara a Nova York. O protagonista, na transición da adolescencia á madurez, enfrónatase no decurso dunhas cantas horas cos grandes temas que preocupan a tódolos mozos e mozas: o seu lugar na sociedade, os valores que se afianzan e se desbotan, a actitude fronte a morte, o amor, a amizade...

Narrada moi subxectivamente, cunha linguaxe propia da mocidade, *O vixía no centeo*, e daquela Holden, é sinónimo de adolescente inconformista e está considerada como un dos clásicos da literatura norteamericana contemporánea.

LINGUA E CIENCIA

Luís Daviña Facal

Xerais

Nesta publicación recóllense comentarios e observacións sobre dúbidas, variacións e outros erros frecuentes que, no manexo de termos científicos, apreciamos en libros, revistas e tamén os nomes galegos vulgares cos que identificar unha serie de animais da nosa fauna.


Tiróns de orellas



O primeiro apretar de orellas é para boa parte dos partidos que se presentan ás eleccións municipais. Cremos que teñen un problema de identidade: denominacións galegas e en galego, anúncianse en galego... pero logo o castelán é a lingua da expresión das e dos candidatos. Pregunta: ¿Será que teñen ben asimilado, daquela saben de que vai, o bilingüismo harmónico e saúvable?.

Para **Expert** (tendas de electrodomésticos) pasa ampliamente da única denominación dos nomes de lugar galegos teñen, e así di ter establecementos en: ***El Burgo-Culleredo, Noya, Puebla del Caramiñal, Villalba, Carballino, Bayona, Cangas del Morrazo, La Cañiza, La Estrada, LA Ramallosa, Puentearreas, Puentecesures, Tuy; Villagarcía de Arosa, Vilanova de Arosa.**

Parabéns



Seguimos avanzando na rede: saudámo-la aparición de *Omnibús* (www.revistaomnibus.com).

Se en ocasións dabondo, a Policía Local foi quebradeiro do Servicio de Normalización Lingüística polo seu mínimo respecto á *Ordenanza municipal de normalización lingüística*, "por medio da presente as redactoras informantes dan parte do cambio lingüístico que se vai experimentado", é dicir, van traballando en galego (claro, conciso e certo). E apuntamos: que non sexa flor dun día.

Agora que puxeron de moda as fichaxes deportivas para o mundo da política (pensen vostedes en Raúl García de Loza) nós tamén cazamos para estas liñas persoeiros "balompédicos".

Ben **Tomás** polas túas declaración en defensa do galego no Bierzo.

E un máis: para os e as compañeiras de **Tesourería**: axiña responderon á nosa petición de remitirnos unha documentación nun galego impecable.



ALICIA EXTERIOR: A FALA

Así denominan os habitantes de tres pobos da serra de Gata, en Cáceres, ós dialectos que alí se falan. Estes tres pobos do val do Xálima ou do val do río Ellas son San Martín de Trevejo, Valverde del Fresno e Ellas, e forman "a Galicia estremena". Un número aproximado de 5.000 persoas empregan a cotíoestas variedades lingüísticas, coñecidas como Mañego, Valverdeiro e Lagarteiro, respectivamente.

E ¿por que traemos aquí novas sobre as falas de tres pobos cacereños?. Pois porque se por alí "caedes" decatáredesvos das notables semellanzas entre a súa expresión e a nosa, pola súa proximidade co antigo galego-portugués.

A colonización por galegos, nos séculos XII e XIII, desa zona e o feito de seren pobos illados, son a razón de que neses pobos perviva este "galego antigo" e que mesmo nas falas castelás da zona sexan comúns verbas como bocoi, cangallo, lombo, fechadura, gomo...

Estas "falas" úsanse en carteis de festas, en anuncios, letreiros das rúas, nomes de establecementos comerciais, rotulación de produtos gastronómicos propios... Hai unha serie de movementos asociativos, expresións culturais que reivindicán estas variedades lingüísticas, e como exemplo poñémo-lo "Manifiesto dos alcaldes", do 3 de agosto do 93, no que se demanda das autoridades provinciais e autonómicas a adopción de medidas para conserva-la fala.



Hai quen di que a rotulación en castelán é para favorecer que os demais nos entendan.

Primeiramente, que sexamos nós quen de nos entender; e de que xeito mellor que utilizando a lingua de noso. Unha suxestión: un percorrido auditivo pola lonxa.

Segundo. A seguir, os máis... e serán quen de nos enter mellor con "puerto". Vexamos: Portugués: porto / Catalán:port / Italiano: porto / Francés: port / Inglés: port

Terceiro e conclusión: vaia chapurrada... ¡que nos entendan...!. Semellan que pensan algunhas mentes que de pó-las cousas como son, os barcos acabarán en Peinador, os trens na Laxe e os avións... eses a saber.